

IGREXA E CONVENTO DE SAN FRANCISCO | Día 18

Situados na marxe esquerda do río Avia, onde se pensa que tivo a súa orixe a antiga Ripa Avie, e lugar no que se estableceu a antiga igrexa de Santiago que co tempo foi trasladada dentro do recinto amurallado. Este convento estivo situado orixinalmente na paraxe de Santa Marta. Estamos, pois, diante dun conxunto relixioso de estilo barroco que pertenceu á orde dos Franciscanos, testemuñando a súa presenza no século XIV. Funcionou primeiro como noviciado e despois como colexio de artes. A primeiros do século XX foi utilizado como cárcere municipal e oficina da zona militar de recrutamento.

A igrexa deste conxunto ten a súa advocación a San Antonio, edificada no século XVII, conta cunha torre de campás e forma parte dun conxunto relixioso xunto co antigo claustro renacentista. A igrexa sitúase no antigo lugar que ocupaba o Hospital de Santiago de Aíén, no ano 1294, en ángulo coa casa de cantearía e tres blasóns do século XVI. A fachada da igrexa presenta unha portada recta de pilastras acanaladas e fornela con tímpano coa imaxe de San Antonio co Neno. A igrexa presenta tres naves separadas por piares con tramos asimétricos.

Jorge Iamas Bértolo.



Concello de Ribadavia



SANTO DOMINGO E CAPELA DO PORTAL | Día 15

O convento de Santo Domingo de Ribadavia está reputado como un dos máis antigos da Orde de Galicia e, a súa ampla igrexa, de estilo gótico, como unha das mellores que a mesma orde tiña na rexión.

A Capela do Portal é unha construción da que se puxo a primeira pedra no ano 1621. Diversos autores falan dunha primitiva construción medieval que no século XVII atopábase en ruínas. Iníciase entón a construción dunha nova capela de gusto neoclásico, lisa e severa no exterior, feita baixo o mecenado dos condes de Ribadavia. Había intención de facer unha capela grande, en dimensións e en riqueza arquitectónica, e na súa construción pódense sinalar tres etapas sucesivas, que van do século XVII ó século XIX. No seu interior atopámonos cun fermoso retábulo feito de madeira de ciprés, que alberga a imaxe da Virxe do Portal nunha posición exprofeso. Esta obra merece unha explicación detallada da súa representación e da súa lectura. Hai que destacar os quince medallóns ovais que representan os misterios do Rosario. As imaxes que acolle a capela, son de gran valor.

Isolina Rionegro Fariña



CASTELO DOS SARMIENTO | Día 16

RIBADAVIA

As primeiras referencias arqueolóxicas de Ribadavia son de Chamoso Lamas ao descubrirse unha necrópole medieval no castelo de Ribadavia no ano 1951, con motivo das escavacións arqueolóxicas realizadas por Xoaquín Lorenzo e Rubén García. Documentalmente, as primeiras referencias fan mención dunha torre fortificada en Ribadavia, probable xerme do burgo de Ribadavia, condicionando a súa localización e posterior desenvolvemento urbanístico ao longo dos séculos XI ó XIII. Referencias posteriores (1336) e máis concretas, fálannos da torre e a igrexa de S. Xes, esta igrexa posteriormente cambiaría a súa advocación pola de Sta. M^a Magdalena (1499) e tamen a súa localización ao ampliarse o castelo.

Datas destacables do Castelo e a Vila son 1375, cando a vila perde a súa condición de realengo e é cedida como señorío a familia dos Sarmiento. 1386 asedio do duque de Lancaster. 1467-1469 revolta irmandiña que derroca a fortaleza de Ribadavia obrigando aos Sarmiento a unha reconstrución que é a que proporciona o aspecto actual da fortaleza. O castelo está situado nunha forte posición orográfica que posibilita a súa defensa ao mesmo tempo que lle permite un perfecto control sobre a vila, os seus accesos e o río.

Manuel García Valdeiras

A TORRE DO RELOXO | Día 17

Durante séculos as reunións dos rexedores da vila de Ribadavia realizábanse en distintos puntos, como a Igrexa de San Xoan ou o Pazo dos Condes e, co tempo, fíxose necesario contar cunha casa propia na que decidir as cuestións públicas. Co reinado dos Reis Católicos, impulsouse o protagonismo central dos Concellos, defendendo a idea de que tódolos lugares poderían construír a súa propia Casa Do Concello. En 1520 a actual Praza Maior era a zona na que se realizaba a feira do gando, lugar despoboado e dentro do perímetro da cidade e das súas murallas. Foi por isto que os rexedores municipais decidiron construír alí o edificio, dentro dun plan de poboar a zona, convidando a ferreiros e comerciantes a instalarse na praza. As obras comezaron en 1543.

A torre é renacentista e en moitas das súas pedras podemos distinguir o signo gremial do canteiro Pedro Gómez. Para realizar toda esta obra necesitouse moita pedra, que foi sacada das canteiras de Santo Domingo. A obra rematou arredor de 1547 e, posteriormente, outros canteiros fixeron arranxos. En canto ao reloxero mecánico, en 1535 o concello de Ribadavia solicitou a súa realización. Ao ser un enxeño mecánico, sempre estivo sufrindo averías, polo que en 1733, Don Fulgencio Antonio de Castro, reloxeiro da catedral de Tui, avisado para un novo arranxo do reloxero de Ribadavia, decidiu realizar outro de sol na súa fachada.

José Ramón Estévez Pérez

